



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Atención temperá	Código	652G01033	
Titulación	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Santorum Paz, María Rosa	Correo electrónico	rosa.santorump@udc.es	
Profesorado	Santorum Paz, María Rosa	Correo electrónico	rosa.santorump@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O desenvolvemento das persoas depende da estimulación temperá que se proporciona ao longo dos primeiros anos de vida dado que o que ocorre no primeiro período da infancia é importante para as etapas posteriores; por isto para lograr o máximo desenvolvemento e a integración escolar e social de todas as criaturas, con ou sen dificultades, débese optar por unha intervención de carácter interdisciplinar e preventiva que atenda de maneira global as súas necesidades. Así, a atención temperá supón ir sentando as bases do desenvolvemento procurando o aproveitamento ao máximo de todas as capacidades, para a mellora do proceso de aprendizaxe.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
A3	Coñecer os fundamentos de atención temperá.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A7	Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
B1	Aprender a aprender.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.		A1	
Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6		A2	
Coñecer os fundamentos de atención temperá		A3	
Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas		A4	
Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención		A7	
Valorar a importancia do traballo en equipo		A29	
Aprender a aprender			B1
Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor			B4
Autonomía na aprendizaxe			B9
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C3



Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
---	--	--	----

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Atención Temperá: conceptualización, niveis e marco legal.	
2. A Atención Temperá e a prevención desde o ámbito da educación infantil: mellorando o perfil evolutivo das nenas e nenos.	
3. A avaliación en Atención Temperá para a análise e seguimento do desenvolvemento infantil.	
4. Familia e Atención Temperá	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Sesión maxistral	12	0	12
Aprendizaxe colaborativa	12	15	27
Recensión bilbiográfica	0	15,5	15,5
Presentación oral	4	4	8
Traballos tutelados	0	22	22
Proba mixta	2	3	5
Portafolios do alumno	0	20	20
Atención personalizada	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para obter información relevante que permita articular a docencia a fin de favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os contidos da materia e facilitar a construción da aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Recensión bilbiográfica	Lectura individual de documentos e análise e valoración crítica, de forma colaborativa, do seu contido.
Presentación oral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais, por parte dos grupos de traballo sobre algún dos contidos da materia para optimizar a aprendizaxe individual e do grupo-clase.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela da profesora en escenarios diferentes ao da aula.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de recordo libre e de recoñecemento sobre os contidos teórico-prácticos de cada un dos temas.
Portafolios do alumno	Esta carpeta inclúe todo o traballo do grupo ao longo do curso (recensión, esquemas, actividades iniciais, aprendizaxe colaborativa, tarefas desenvolvidas,...)



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Portafolios do alumno	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto se fará coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Trátase de identificar, analizar e estudar algunhas das características psicoevolutivas dunha pequena mostra de alumnado de infantil e elaborar informes/artigos en base aos datos obtidos. Estes traballos faranse en grupos de catro persoas.	0
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en grupos que consiste na realización de actividades, a facer na aula e fóra dela, dos contidos da materia	0
Portafolios do alumno	É unha carpeta de cada grupo de traballo que contén as actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado da materia. Este portafolios que integra as metodoloxías de aprendizaxe cooperativa, traballos tutelados e análise de fontes documentais será o material que se contemple na avaliación	80
Proba mixta	Esta proba de carácter individual realizarase ao finalizar cada un dos temas da materia, para verificar o grao de adquisición das competencias do saber e saber facer.	20

## Observacións avaliación



## 1ª CONVOCATORIA.

Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de 'Atención Temperá' que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade

A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final&nbsp;

? Modalidade A:

Avaliación Continua.

Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas dos contidos da materia realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas.

Por

tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia). Esta avaliación levarase a cabo a partir de:

- a) as achegas do grupo de estudantes que serán presentadas nun dossier ou carpeta de traballo que incluíra as actividades-prácticas do grupo. Para superar satisfactoriamente a materia será necesario realizar todas as actividades e prácticas propostas e participar no traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas realizadas. Isto suporá como máximo un 80% da cualificación.
- b) as probas mixtas individuais sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Isto representa como máximo un 20% da cualificación.

? Modalidade B: Avaliación Final.

Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, a nota final virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia. A data para esta proba será a fixada polo Centro.

**OUTRAS CONVOCATORIAS:**

Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B anterior, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.

Fontes de información



## Bibliografía básica

- Silva Salinas, S. (2004). Atención a la diversidad en educación infantil. Necesidades educativas: Guía de actuación para docentes.. Vigo: Ideaspropias
- Sánchez Asín, A. (2001). Atención temperá : núcleos fundamentais para a intervención. . Revista galega do ensino, 32, 151-168
- Vidal Lucena, M. (1990). Atención temprana: guía práctica para la estimulación del niño de 0 a 3 años.. Madrid: Ciencias de la educación preescolar y Especial, D.L.
- Paniagua, G. y Palacios, J. (2005). Educación infantil: respuesta educativa a la diversidad. . Madrid: Alianza
- Empson, J.M., Nabuzoka, D. e Hamilton, D. (2006). El desarrollo atípico infantil: problemas emocionales y conductuales, maltrato infantil, problemas de aprendizaje.. Barcelona: CEAC
- Bonilla Morales, E. (2008). El principito en el reino perdido: una experiencia en atención temprana. . Fundación Alpe Acondroplasia
- Mallebrera Quiles, C. (2008). Juego, juguetes y atención temprana : pautas para el diseño de juguetes útiles en la terapia psicopedagógica.. Asociación Investigación Industria del Juguete
- Maraví Artieda, P. e Elcarte Elcarte, M. P. (2006). La atención temprana: la aventura de ayudar a crecer.. Idea: la revista del Consejo Escolar de Navarra, 22
- Gutiez Cuevas, P. (1995). La educación infantil. Modelos de atención a la infancia.. Revista Complutense de Educación, 6 (1), 101-113
- López Sánchez, F. (Coord.) (2007). La escuela infantil: observatorio privilegiado de las desigualdades. . Barcelona: Graó
- Medrano, G. (1997). La observación sistemática en contextos educativos como medio de formación del maestro de educación infantil.. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 1 (0), 1-6
- Croll, P. (2000). La observación sistemática en el aula.. Madrid: La Muralla
- Regidor, R. (2003). Las capacidades del niño. Guía de estimulación temprana de 0 a 8 años.. Madrid: Palabra
- Grupo de Atención Temprana (2000). Libro Branco da Atención Temperá.. Madrid: R. Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía
- David, M. e Appell, G. (2010). Lóczy, una insólita atención persoal.. Barcelona: Octaedro
- Pikler, E. (2004). Moverse en libertad.. Madrid: Narcea
- López Sánchez, F. (2008). Necesidades en la infancia y en la adolescencia. Respuesta familiar, escolar y social. . Madrid: Pirámide
- Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa.. Madrid: Editorial CCS.
- Alpi L. (2003). Adaptación a la escuela infantil: niños, familias y educadores al comenzar la escuela.. Madrid: Narcea.
- Aranda, R. E. (Coord.) (2008). Atención temprana en educación infantil. Madrid: Wolters Kluwer
- Díaz Quintero, M.M. (2008). Atención temprana y desarrollo infantil. Almería: Asociación Procompal de Profesores Comprometidos con Almería
- Perpiñán Guerras, S. (2009). Atención temprana y familia: cómo intervenir creando entornos competentes.. Madrid: Narcea
- Candell, I. (1998). Atención temprana. Aspectos teóricos y delimitaciones conceptuales. Revista de Atención Temprana, 1, 9-15.
- Millá M.G., e Mulas, F. (Drs.). (2005). Atención Temprana. Desarrollo infantil, diagnóstico, trastornos e intervención.. Valencia: Promolibro.
- Gutiez Cuevas, P. (Ed.) (2005). Atención temprana. Prevención, detección e intervención en el desarrollo (0-6 años) y sus alteraciones.. Madrid: Editorial Complutense
- Sánchez Asín, A. (1997). Atención temprana. Programa (0-3 años). . Barcelona: Cedecs
- García Sánchez, F. A. (2002). Atención temprana: elementos para el desarrollo de un modelo integral. . Bordón, 54 (1), 39-52
- Albaladejo, M. (2010). Cómo decirlo. Entrevistas eficaces en el ámbito educativo.. Barcelona: Graó
- Gervilla Castillo, M.A. (2006). Didáctica básica de la educación infantil: Conocer y comprender a los más pequeños. . Madrid: Narcea
- Asociación Galega de Atención Temperá -AGAT (2005). Documento Marco. Unha proposta aberta para a mellora da



Atención Temprá. Asociación Galega de Atención Temprá -AGAT

- Juan-Vera, M. J. e Pérez-López, J. (2009). El funcionamiento de un Centro de Desarrollo Infantil y Atención Temprana . Revista interuniversitaria de formación del profesorado, 65, 21-38
- Candel, I. (2005). Elaboración de un programa de atención temprana.. Revista de Investigación Psicoeducativa, 3 (3), 14-40.
- Godall Castell, T. (2010). Emmi Pikler : la competencia motriz del bebé es posible cuando cambia la mirada del adulto.. Aula de infantil, 53, 5-8
- García Sánchez, F. (1998). Ficha individual de seguimiento para atención temprana: manual guía. Murcia: Federación Murciana de Asociaciones Pro Deficientes Mentales
- Pérez Sánchez, M.I. e Lorenzo Rivero, M.J. (2001). IDAT. Inventario de Desarrollo Atención Temprana. Salamanca: Amarú
- Serrano, A. M. (2005). Inteligencias múltiples y estimulación temprana: guía para educadores, padres y maestros.. México: Trillas-Eduforma
- Gómez Artiga, A., Viquer Seguí, P. e Cantero López, M.J. (Coords.) (2003). Intervención temprana. Desarrollo óptimo de 0 a 6 años.. Madrid: Pirámide.
- López Recacha, J. A. (2008). La atención temprana: modelo integrador en el ámbito escolar.. Almería: Corintia
- Herrero, M.L. (1997). La importancia de la observación en el proceso educativo. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado,1 (0), 1-4
- Falk, J. (Ed.) (2008). Lóczy, educación infantil. . Barcelona: Octaedro
- Pérez-López, J. e Brito, A. (Coords) (2004). Manual de Atención Temprana.. Madrid: Pirámide
- Clemente Fuentes, J.M. e Sáez Nieto, J.M. (2005). Modelo de evaluación para la Educación Infantil.. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Instituto Nacional de Evaluación y Calidad del Sistema Ed
- Golombok, S. (2006). Modelos de familia. ¿Qué es lo que de verdad cuenta?. . Barcelona: Graó
- Viquer Seguí, P. (2003). Optimización evolutiva: fundamentos del desarrollo óptimo. . Madrid, Pirámide
- VVAA (1994). Pautas y registros de observación y evaluación. Primer ciclo de educación infantil.. Barcelona:Graó
- Valcarce García, A. (2008). Políticas Públicas para la Atención Temprana de la Infancia 0-6 años.. Revista de educación, 347, 141-153
- García Sánchez, F. A. (2002). Reflexiones acerca del futuro de la atención temprana desde un modelo integral de intervención. Siglo cero, 33 (2), 200, 5-14
- Cabanellas, I. et al. (2007). Ritmos infantiles: tejidos de un paisaje interior. Barcelona: Octaedro
- Méndez Zaballos, L. (2000). Tres eran tres : la escuela infantil, la familia y el equipo de atención temprana. . Aula de innovación educativa, 95, 18-21
- Sánchez Caravaca, J. (2000). Un programa de prevención y atención temprana desde la Administración educativa.. Revista de Atención Temprana, 3 (1), 29-36.
- Altimir, D. (2010). ¿Cómo escuchar a la infancia?. Barcelona: Octaedro



Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

Recomendacións
----------------

Materias que se recomenda ter cursado previamente
---

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario
----------------------------------

Observacións
--------------

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías